

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Tesourería-Recadación

Calendario do contribuinte para o exercicio 2019

EDICTO

O Sr Alcalde do Concello de Ferrol, dictou con data de hoxe resolución en relación coa aprobación do CALENDARIO DO CONTRIBUINTE PARA O EXERCICIO 2019 e que cumprirá, asemesmo, coa función de publicación do anuncio de cobranza a que se refire o artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005 do 29 de xullo, en relación cos distintos prazos de cobranza que en período voluntario se van a outorgar ós contribuíntes para o pagamento dos tributos, prezos públicos e ingresos patrimoniais cuio cobro se esixa mediante padrón de forma periódica ó longo do vindeiro exercicio 2019 polo Concello de Ferrol.

Primeiro.-Conceptos e prazos de ingreso.

Os ingresos a recadar son os pagamentos periódicos, correspondentes ó exercicio 2019 polos seguintes recursos:

Voluntaria	INICIO	FIN	doble Ref.	CARGO CTA.	CONCEPTOS
1	04/01/2019	05/03/2019	05/04/2019	04/01/2019	PP P. MAGDALENA xaneiro 2019 / S DEPORTIVOS decembro 2018/ MERCADOS decembro 2018/ TAXA DE AXUDA NO FOGAR novembro 2018
2	04/01/2019	05/03/2019	INAPREMIABLE	04/01/2019	VIVENDAS decembro 2018/ CC PORTA decembro 2018
3	05/02/2019	05/04/2019	06/05/2019	05/02/2019	PP PARKING MAGDALENA febreiro 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS xaneiro 2019 / MERCADOS xaneiro 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR decembro 2018
4	05/02/2019	05/04/2019	INAPREMIABLE	05/02/2019	VIVENDAS xaneiro 2019 / CC PORTA NOVA xaneiro 2019
5	05/02/2019	05/04/2019	06/05/2019	05/04/2019	MERCADOS AMBULANTES outubro, novembro e decembro 2018
6	05/03/2019	06/05/2019	05/06/2019	05/03/2019	PP PARKING MAGDALENA marzo 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS febreiro 2019 / MERCADOS febreiro 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xaneiro 2019
7	05/03/2019	06/05/2019	INAPREMIABLE	05/03/2019	VIVENDAS febreiro 2019 / CC PORTA NOVA febreiro 2019
8	05/03/2019	06/05/2019	05/06/2019	06/05/2019	Nichos, Kioscos, Mesas y Sillas, Pasos y Placas y Reserva de Parada 2019 / CAIXEIROS AUTOMÁTICOS 2019
9	05/04/2019	05/06/2019	05/07/2019	05/04/2019	PP PARKING MAGDALENA abril 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS marzo 2019 / MERCADOS marzo 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR febreiro 2019
10	05/04/2019	05/06/2019	INAPREMIABLE	05/04/2019	VIVENDAS marzo 2019 / CC PORTA NOVA marzo 2019
11	05/04/2019	05/06/2019	05/07/2019	05/06/2019	IVTM 2019 / MERCADOS AMBULANTES xaneiro-febreiro 2019
12	06/05/2019	05/07/2019	05/08/2019	06/05/2019	PP PARKING MAGDALENA maio 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS abril 2019 / MERCADOS abril 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR marzo 2019
13	06/05/2019	05/07/2019	INAPREMIABLE	06/05/2019	VIVENDAS abril 2019 / CC PORTA NOVA abril 2019
14	05/06/2019	05/08/2019	05/09/2019	05/06/2019	PP PARKING MAGDALENA xuño 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS maio 2019 / MERCADOS maio 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR abril 2019
15	05/06/2019	05/08/2019	INAPREMIABLE	05/06/2019	VIVENDAS maio 2019 / CC PORTA NOVA maio 2019
16	05/06/2019	05/08/2019	05/09/2019	05/08/2019	MERCADOS AMBULANTES marzo-abril 2019
17	05/07/2019	05/09/2019	07/10/2019	05/07/2019	PP PARKING MAGDALENA xullo 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS xuño 2019 / MERCADOS xuño 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR maio 2019

Voluntaria	INICIO	FIN	doble Ref.	CARGO CTA.	CONCEPTOS
18	05/07/2019	05/09/2019	INAPREMIABLE	05/07/2019	VIVENDAS xuño 2019 / CC PORTA NOVA xuño 2019
19	05/07/2019	07/10/2019	05/11/2019	07/10/2019 (*1)	IBI 2019
20	05/08/2019	07/10/2019	05/11/2019	05/08/2019	PP PARKING MAGDALENA agosto 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS xullo 2019 / MERCADOS xullo 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xuño 2019
21	05/08/2019	07/10/2019	INAPREMIABLE	05/08/2019	VIVENDAS xullo 2019 / CC PORTA NOVA xullo 2019
22	05/08/2019	07/10/2019	05/11/2019	07/10/2019	MERCADOS AMBULANTES maio-xuño 2019
23	05/09/2019	05/11/2019	05/12/2019	05/09/2019	PP PARKING MAGDALENA setembro 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS agosto 2019 / MERCADOS agosto 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xullo 2019
24	05/09/2019	05/11/2019	INAPREMIABLE	05/09/2019	VIVENDAS agosto 2019 / CC PORTA NOVA agosto 2019
25	05/09/2019	05/11/2019	05/12/2019	05/11/2019	IAE 2019
26	04/10/2019	04/12/2019	08/01/2020	04/10/2019	PP PARKING MAGDALENA outubro 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS setembro 2019 / MERCADOS setembro 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR agosto 2019
27	04/10/2019	05/12/2019	INAPREMIABLE	04/10/2019	VIVENDAS setembro 2019 / CC PORTA NOVA setembro 2019
28	05/11/2019	08/01/2020	07/02/2020	05/11/2019	PP PARKING MAGDALENA novembro 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS outubro 2019 / MERCADOS outubro 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR setembro 2019
29	05/11/2019	08/01/2020	INAPREMIABLE	05/11/2019	VIVENDAS outubro 2019 / CC PORTA NOVA outubro 2019
30	05/11/2019	08/01/2020	07/02/2020	08/01/2020	MERCADOS AMBULANTES xullo-agosto-setembro 2019
31	05/12/2019	05/02/2020	05/03/2020	05/12/2019	PP PARKING MAGDALENA decembro 2019 / SERVIZOS DEPORTIVOS novembro 2019 / MERCADOS novembro 2019 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR outubro 2019
32	05/12/2019	05/02/2020	INAPREMIABLE	05/12/2019	VIVENDAS novembro 2019 / CC PORTA NOVA novembro 2019

(*1) Pago vencemento especial segundo a ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, con domiciliación en dous prazos: 05/07/2019 e 05/11/2019.

Segundo.-Modalidade e lugar

Para o cobramento dos citados tributos o Concello remitirá ó enderezo dos contribuíntes un díptico co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario indicado no cadro anterior, nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborables para as mesmas durante as horas de caixa: **Abanca, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (B.B.V.A.), Banco Santander S.A, La Caixa , Banco Popular, Banco Pastor, Banco Caixa Geral e Banco Sabadell** ou ben vía telemática a través dos canais dispoñibles na **Oficina Virtual Tributaria de acceso a través de www.ferrol.gal**.

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, tendo en conta a existencia do sistema de pago especial regulado na Ordenanza nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, os recibos seránlles cargados na conta por eles indicada os días sinalados no cadro anterior.

As persoas que non reciban ou extráven os dípticos mencionados poderán solicitar un duplicado nas OFICINAS DA RECADACIÓN MUNICIPAL, sita na Casa do Concello, antes do remate do prazo indicado dado que a súa non recepción non exonera da obriga de pagamento nen impide a utilización da vía de constrinximento. Tamén poderán obter un duplicado do recibo na oficina virtual tributaria de acceso a través de www.ferrol.gal. Asemesmo poderán solicitar canta información precisen en horario de LUNS A VENRES, de 9:00 a 14:00 horas.

Advírteselle que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devenga-lo recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

Terceiro.-Medios de impugnación.

O presente CALENDARIO DO CONTRIBUINTE PARA O EXERCICIO 2019 é susceptible de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrumpa a súa aplicación.

Cuarto.-Posibilidade de modificación.

Resérvase a esta a esta Alcaldía a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas, informando de tal circunstancia ós cidadáns coa suficiente antelación.

Ferrol, 21 de decembro de 2018

O Alcalde,

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

2018/9647